

UD2 UN DÍA NEBOENTO PON A UN MORRIÑENTO

1. O texto teatral

Bicos con lingua de TALÍA TEATRO

Premio María Casares ao mellor texto orixinal.

Premio María Casares ao mellor actor protagonista (Artur Trillo)



A **finalidade** do **teatro** é a **representación**; mentres que os outros xéneros literarios están pensados, en xeral, para a lectura. Por este motivo, está formado por **diálogos** e polas **indicacións** do **dramaturgo** para a **representación** da obra.

O autor dá nas **indicacións** **información** sobre os **personaxes** (idade, condición social, trazos físicos e psicolóxicos...) e sobre as **emocións que deben manifestar**. Tamén se especifican: as **entradas** e **saídas** dos **personaxes** no escenario, as características da **escenografía**, os **cambios** de **espazo** que se producen ou o **tempo** que transcorre entre as escenas e os actos.

Elementos do texto e da obra teatral

- **Tema:** **idea principal** de que trata a obra.

Exemplo: *Bicos con lingua*



Tema: análise, desde unha perspectiva humorística, da situación precaria da lingua galega en diferentes ámbitos da vida.

- **Trama** ou **argumento:** **sucesión de accións** provocadas polos **conflitos** entre os **personaxes**. Igual que na narración, a **estrutura** máis **clásica** da trama é: **situación inicial**, **nó** e **desenlace**.

A **trama** está dividida en **actos** (xornadas ou lances) e **escenas**. Un **acto** é unha **unidade** en que a **trama** se desenvolve de **maneira continua** no **tempo** (cando hai un corte temporal de duración variable pásase ao seguinte acto).

Os **actos** están **constituídos** por **varias escenas**. (unidades menores que o acto), que se caracterizan porque nelas **aparecen os mesmos personaxes**.

A **entrada** ou **saída** dun **personaxe** do **escenario** provoca un **cambio de escena**.

- **Conflicto:** **desacordo** ou **enfrentamento** entre **personaxes** contrarios que teñen distintas formas de entender o mundo ou diferentes actitudes ante unha mesma situación.

- **Personaxes:** cada **ser** (humano, sobrenatural, simbólico, animal...) ou **obxecto** que **intervén** nas accións da **trama** teatral. É o **principal elemento dramático** que usa o autor para transmitirnos a súa mensaxe. **Sen conflito nin personaxes, non hai teatro**. Podemos **clasificalos** en:

☺ **Individuos:** personaxes cunha **personalidade definida psicoloxicamente**.

☺ **Tipos:** personaxes **con características físicas** ou **morais recoñecibles** facilmente polo **público**, pois **reproducen estereotipos sociais** (o borracho, o criado gracioso, o fachendoso, etc). **Para caracterizalos usan expresións e xestos tópicos** (o borracho impa e camiña facendo eses...).





☺ **Arquetipos:** personaxes con comportamentos humanos comúns a distintas épocas e lugares (os xudeus representan a avaricia e as celestinas amañan matrimonios).



• **Tempo:** hai que **distinguir** entre a **época histórica** na que **transcorre a acción** e o **tempo que vai do comezo da trama ata o desenlace**.

Exemplo: *Bicos con lingua*

A **época histórica** é a **contemporánea** (na que vivimos nós); mentres que o **tempo que vai do inicio da trama ao desenlace** está constituído por distintos momentos ou gags relacionados coa situación do galego (**varios días** ou **varias horas**; **non se especifica**).

• **Espazo:** lugar en que **actúan os personaxes**. Pode ser:

☺ **Espazo dramático:** **imaxinado polo autor** (por onde se moven os personaxes). As **obras clásicas** teñen lugar nun **único espazo**). Se hai **distintos espazos**, isto implica **cambios de escenografía** durante a representación.

☺ **Espazo escénico:** **onde se desenvolve a representación**. O **director** e o **escenógrafo** **crean un espazo visible** seguindo as **indicacións do autor** na obra. A **escenografía** pode ter **moi poucos elementos** (escenario case baleiro), os **elementos imprescindibles** para configuralo (escenario pouco recargado) ou buscar unha **reproducción do espazo de xeito realista** (escenario con moita decoración).

Os **elementos fundamentais** da **escenografía** son os **decorados**, o **vestiario**, o **son** e a **iluminación**.



 **Dramatiza** este **fragmento** da obra de **Castelao**: *Os vellos non deben de namorarse*.

Óllase unha parede con dúas fiestras pechadas, máis alá dun valado que impide ver a rúa que se supón máis baixa. Estamos no intre en que se celebra o enterro do boticario, e da rúa xorden marmurios de moita xente. Ábrense as fiestras e aparecen as catro irmáns do boticario, dúas en cada fiestra, a faceren o pranto.

IRMÁN 1^a. Alá se vai o noso capitán! O capitán do noso navío!

IRMÁN 2^a. Alá se vai o noso letreiro! A gala das nosas romerías!

IRMÁN 3^a. Alá se vai o noso patriarca! O santo das nosas devocións!

IRMÁN 4^a. Alá se vai a nosa fachenda! A meniña dos nosos ollos!

TODAS. Ai, Saturio! Saturio! Saturio!

Unha banda de música rompe a tocar unha marcha fúnebre e pasan os ciriais e a cruz parroquial sobrepasando o valado.

IRMÁN 1^a. E levas música, porque morreches solteiro!

IRMÁN 2^a. E levas música, como os anxeliños!

IRMÁN 3^a. E levas música, porque xa estás no ceo!

IRMÁN 4^a. E levas música, porque tamén ti eras músico!

TODAS. Ai, Saturio! Saturio! Saturio!

IRMÁN 1^a. Morreu o estudante avantaxado!

IRMÁN 2^a. Morreu o bachiller con matrículas de honor!

IRMÁN 3^a. Morreu o licenciado en Farmacia!

IRMÁN 4^a. Morreu Don Saturio, a ciencia dos boticarios!

TODAS. Ai, Saturio! Saturio! ¡Saturio!

IRMÁN 1^a. Quen che roubou a fala?

IRMÁN 2^a. Quen che parou o corazón?

IRMÁN 3^a. Quen che zugou a vida?

IRMÁN 4^a. Quen te matou, irmanciño querido?

TODAS. Ai, Saturio! Saturio! Saturio!

IRMÁN 1^a. E vaste sen dares unha queixa!

IRMÁN 2^a. E vaste sen pedires médico!

IRMÁN 3^a. E vaste sen dares aviso da túa morte!

IRMÁN 4^a. E vaste sen despedirte de nós!

TODAS. Ai, Saturio! Saturio! Saturio!

IRMÁN 1^a. Xa onte non falabas nin rías!

IRMÁN 2^a. Xa onte levabas a terra nos ollos!

IRMÁN 3^a. Xa onte non comeches de medo!

IRMÁN 4^a. Xa onte non tocaches a guitarra!

TODAS. Ai, Saturio! Saturio! Saturio!

IRMÁN 1^a. Dille á morte que nos veña buscar, compañeiro dos nosos días!

IRMÁN 2^a. Dille á terra que nos veña comer, almiña de Deus!

IRMÁN 3^a. Lévanos deste mundo, estreliña da nosa noite!

IRMÁN 4^a. Vainos facendo catro sitios á beira do Noso Señor!

TODAS. Ai, Saturio! Saturio! Saturio!

IRMÁN 1^a. ¡Velaí vai a caixa dos nosos corazóns!

IRMÁN 2^a. ¡Velaí vai o noso amor verdadeiro!

IRMÁN 3^a. ¡Velaí vai a nosa vida!

IRMÁN 4ª. Velaí vai a nosa morte!
TODAS. Ai, Saturio! Saturio! Saturio!

A música vaise afastando. As irmáns do boticario apenas teñen folgos para chorar enrouquecidas.

IRMÁN 1ª. Adeus para sempre, quentura do noso inverno!
IRMÁN 2ª. Adeus para sempre, puntal da nosa vellez!
IRMÁN 3ª. Adeus para sempre, pan e viño da nosa mesa!
IRMÁN 4ª. Adeus para sempre, botica dos nosos pesares!

As catro irmáns do boticario fican esmorecidas no peitoril das fiestras, saloucando as derradeiras verbas da despedida.

TODAS. *En desorde.* Adeus irmán! Saturio! Saturio! Adeus para sempre! Irmanciño querido! Adeus! Adeus... !

A música xa está lonxe. CAE O PANO

2. Algúns signos de puntuación

- **Signo de interrogación (?) e de exclamación (!):** indican unha **entoación interrogativa** ou **exclamativa**. Despois destes signos **escríbese** en **maiúscula**, xa que actúan coma se houbo un punto.



Excepción: usamos a minúscula na enumeración de preguntas. Comezoulle a facer unha pregunta tras outra: *de onde vés?, a que hora chegaches?, con quen estiveches? e moitas máis que xa non lembro.*

Exemplos:

*Queres algunha cousa? Unha auga?
Oxalá aprobe! Non sabes canto me alegraría!*



- **As comiñas (« »):** as máis coñecidas son as **latinas (« »)** e as **inglesas (“ ”)**. **Emprego das comiñas:**

☺ **Reprodución textual das palabras dunha persoa.**


Exemplo: Manuel acabou marchando da reunión porque xa non aturaba máis «as mentiras que se din aquí». Antón preguntoulle: «Non vés hoxe á asemblea?». Mais Maruxa respondeulle que tiña outra reunión á que non podía faltar.

☺ **Reprodución de fragmentos textuais dun texto.**

Exemplo: En *Lingua e sociedade na Galiza*, o seu autor asegura que «o galego incrementou a súa presenza na vida pública»

☺ **Destacado de termos estranxeiros ou dialectais, alcumes ou termos coloquiais.**

Exemplos: A nova «tablet» que lanzou a empresa presenta unha serie de problemas técnicos. Dixeron que coñeceran uns «ghichiños» moi simpáticos. Xaquín Lorenzo, chamado «Xocas», foi homenaxeado no ano 2004.



☺ **Expresión con sentido irónico.** Exemplo: sempre che foi moi «agradable».

☺ **Indicación de equivalencia ou tradución dun termo con comiñas simples (').** Exemplo: a voz apicultura fórmase a partir das voces latinas apis 'abella' e cultura 'cultivo', 'crianza'.

- **A paréntese ():** introduce unha **aclaración** ou **inciso**. Artur Trillo (director de Talía Teatro) é o autor de *Sopa de sapo*.



☺ **Tamén insire información aclaratoria sobre datas e lugares.**

Exemplo: Iago Aspas (Moaña, 1987) é xogador do Celta de Vigo (Pontevedra).



☺ **Desenvolven o significado das siglas** ou a **sigla correspondente ao nome completo** que acabamos de escribir. **Exemplo:** O CDG (Centro Dramático Galego) estreou a súa nova montaxe teatral onte en Santiago de Compostela.

- **O guión é un trazo horizontal (-)** que ten **varias funcións:**

☺ **Indica que unha palabra non colle nunha liña e continúa na seguinte (guión silábico)**

Exemplo:

Actuará en Talo Río **A Fiada**, un **baile tradicional/foliada** con gaitas, pandeiretas e bailadores.

O Entroido ten **no-me** propio en Soutomaior.



☺ **Une palabras compostas ocasionais:**

- As que teñen como **primeiro elemento ex-**, aplicado a un **cargo que se tivo anteriormente**: **ex-presidenta**, **ex-alcalde**.
- As que teñen como **primeiro elemento non**: **non-violencia**, **non-fumador**.
- Nos **nomes dobremente compostos** dos **puntos cardinais**: **sur-suroeste**, **les-nordeste**. **Non se emprega** cando indica **só dous puntos cardinais**: **suroeste**, **nordeste**.

– **Unión non consolidada de dous adxectivos:** A profesora de matemáticas explicou unha lección **teórico-práctica**.



– En **palabras estranxeiras:** wáter-polo, big-bang.

- **A raia ou guión longo (–)** utilízase nos seguintes casos:

☺ **Para representar un diálogo** entre **varios interlocutores**. A raia sitúase inmediatamente antes da palabra inicial, sen deixar espazo:

- Quen vén dar unha volta por Talo Río? –dixo Ana ao saír do instituto.
- Eu hoxe non podo –respondeu Marcos–. Teño clase de pandeireta ás 6.

3. A frase

Definición: **unidade sintáctica** de rango **maior** que a **palabra** e **menor** que a **oración**.

Exemplos: esa casa, bastante simpática, na súa vida, ben preto.

Non usamos as frases de xeito illado, pois con elas construímos **oracións: unidades sintácticas superiores** cun **verbo**.

Exemplos: Vivo en Arcade. Hoxe fun ao cine con Alba.

Temos **catro tipos de frases**:



FRASE NOMINAL (O núcleo é un **substantivo**)

Exemplo: _____

FRASE ADXECTIVA (O núcleo é un **adxectivo**)

Exemplo:

–




FRASE ADVERBIAL (O núcleo é un **adverbio**)

Exemplo:

FRASE PREPOSICIONAL (Non ten núcleo)

(Vai **introducida** por **preposición**)

Exemplo:



Escribe dous exemplos con cada unha das frases con núcleo:

4. Fraseoloxía e paremioloxía



Definición: **grupo fixo** de **palabras** que **equivale** a **un só significado**.

Exemplo:

Poñer o carro diante dos bois significa 'precipitarse'. O **significado** dunha **frase feita non é a suma de cada unha das palabras**, senón que é global. Por iso, **unha frase feita non se pode traducir literalmente**. A nosa fraseoloxía reflicte o xeito de vermos o mundo as galegas e os galegos. Con frecuencia, está condicionada pola xeografía, a climatoloxía...

- *nunca chove como trona* → nunca é tanto como parece
- *choverlle a alguén* → faltarlle o sentido
- *xa choveu!* → xa pasou moito tempo
- *deixar que chova e que vaia sol* → deixar pasar o tempo
- *chova que neve/coma quen oe chover* → non facer caso, sen prestar atención
- *mandar a mirar se chove/mandar a ver de que lado vén o vento* → díselles a quen amola, para que marche
- *falar do mar e non meterse nel* → non implicarse nun asunto problemático
- *por min que chova/xa pode chover* → indiferenza
- *chove que arrepía/chuvias ir, chuvias vir* → chover moito
- *enchérselle a cabeza de vento a alguén* → gabalo
- *deixar que corra o vento* → desprezar as críticas
- *chegar coma a auga do trono* → chegar inesperadamente
- *querer o sol para a eira e a chuva para o nabal* → procurar a comenencia dun
- *poñer a capa de onde vén o vento* → adaptarse ás circunstancias
- *encherlle a cabeza de vento a un* → envaidecer
- *as cousas non choven do ceo* → non hai nada de balde
- *manda chover na Habana!* → asombro ante a ousadía de alguén
- *levar a auga ao seu muiño* → actuar en proveito propio
- *fuxir do vento e coller o corisco* → ir de mal en peor
- *ser un cabeza de vento* → non ter sentidiño
- *levar auga ao mar* → facer algo inútil

☞ **Redacta** un **diálogo** entre **varios personaxes** que **empreguen**, con sentido, algunhas das **frases feitas** anteriores:

5. Lingua minorizada

Definición: **lingua autóctona** cuxa **presenza social** está **subordinada** ao **uso predominante** doutra **lingua** que **non** é a **propia** dese territorio. É aquela que, sendo historicamente propia dun pobo, ve restrinxidas as súas funcións de uso.



☞ **Indica** algún **ámbito** de **uso** no que consideres que **o galego** aínda **non** está **normalizado**.